

*Quinta.-Programa de incorporación.*

A incorporación do concello á axencia será efectiva desde o día seguinte ao de publicación deste convenio no *Diario Oficial de Galicia*.

Os expedientes relativos ás obras en execución nas materias que son obxecto de delegación deberán ser remitidos á Axencia de Protección da Legalidade Urbanística no prazo dun mes desde a data de entrada en vigor deste convenio.

*Sexta.-Prazo de vixencia do convenio.*

Este convenio entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia* e o seu prazo de vixencia será indefinido.

A resolución deste convenio producirase no suposto de que o Concello de Petín perda a condición de membro da axencia por calquera das causas que se establecen no artigo 12 dos estatutos da axencia e cos efectos que o mesmo artigo dispón.

*Sétima.-Interpretación do convenio.*

As controversias que puidesen xurdir na interpretación deste convenio e a súa aplicación serán resoltas polo Consello Executivo da axencia, de conformidade co disposto no artigo 10 dos estatutos da axencia aprobados polo Decreto 213/2007, do 31 de outubro.

E para que así conste, asinan este convenio de adhesión, por duplicado exemplar, no lugar e data arriba indicados.

**AXENCIA GALEGA DAS INDUSTRIAS CULTURAIAS**

*Corrección de erros.-Resolución do 12 de xaneiro de 2009 pola que se anuncia convocatoria pública de subvencións ás industrias culturais para o ano 2009.*

Na devandita resolución publicada no *Diario Oficial de Galicia* número 19, do mércores 28 de xaneiro de 2009, cómpre realizar a seguinte corrección:

-Na páxina 1.849, cláusula 12, letra c), onde di: «Nas subvencións a compañías residentes, os beneficiarios estarán obrigados a realizar, durante o ano 2009, 50 funcións no espazo escénico de residencia», debe dicir: «Nas subvencións a compañías residentes, os beneficiarios estarán obrigados a realizar, durante o ano 2009, as funcións mínimas establecidas na cláusula terceira do capítulo V».

**ESCOLA GALEGA DE ADMINISTRACIÓN PÚBLICA**

*Resolución do 23 de febreiro de 2009 pola que se establecen as bases reguladoras da concesión dos premios da Escola Galega de Administración Pública á calidade de materiais didácticos e se convoca a súa cuarta edición.*

A Escola Galega de Administración Pública (en diante EGAP), como órgano encargado da formación do persoal ao servizo das administracións públicas de Galicia e da investigación en todas as materias que sexan do seu interese, así como tamén, de ser o caso, doutras administracións de Galicia, considera o fomento e a promoción da investigación e da innovación educativa como principios de calidade da formación. Por tanto, considera necesario promover procesos de investigación que xeren materiais didácticos para o seu emprego e que sirvan, mediante a súa difusión, como apoio á mellora da práctica docente.

O plan de actividades da EGAP para 2009, aprobado polo Consello Reitor da escola, recolle a convocatoria dun premio á calidade de materiais didácticos. Este premio ten por finalidade fomentar a calidade do deseño e do contido de materiais didácticos de acordo cos criterios da sinxeleza no uso, a accesibilidade, a compatibilidade e a estruturación axeitada dos contidos, de maneira que se compatibilice a optimización da información coa minimización de recursos, a calidade estética dos materiais e a adecuación dos contidos aos obxectivos pedagóxicos e ás necesidades formativas do persoal ao servizo das administracións públicas de Galicia, incorporando instrumentos para a autoavaliación no proceso de aprendizaxe por parte do alumnado.

Polo exposto anteriormente,

*DISPOÑO:*

Aprobar as bases reguladoras da concesión, en réxime de concorrencia competitiva, dos premios á calidade de materiais didácticos e convocar a súa cuarta edición conforme as seguintes bases:

*Primeiro.-Obxectivo.*

Os premios á calidade dos materiais didácticos están destinados a distinguir os mellores materiais didácticos no eido da formación do persoal ao servizo das administracións públicas de Galicia, en calquera soporte impreso ou dixital. Non entrará nesta convocatoria aquel material especificamente dirixido a persoal sanitario e/ou docente.

*Segundo.-Premios.*

Os premios outorgaranse en tres categorías:

-Primeiro premio: dotado con 4.000 €.

-Segundo premio: dotado con 2.000 €.

-Dous terceiros premios: dotados con 1.000 € (nesse caso poderá haber dúas candidaturas premiadas e outorgaráselles 1.000 € a cada unha delas).

Cada un destes premios en metálico estará suxeito á correspondente retención fiscal. Así mesmo, as candidaturas premiadas recibirán un diploma acreditativo que expedirá o director da EGAP. Co obxecto de recoñecer a calidade dos materiais presentados establécese, ademais, a posibilidade de conceder algún accésit, que en ningún caso terá contido económico.

*Terceiro.-Requisitos dos participantes.*

Poderán concorrer á convocatoria dos premios todas as persoas físicas ou xurídicas, universidades galegas, entidades locais, sindicatos, entidades ou unidades dependentes da Xunta de Galicia, órganos e organismos que presenten materiais susceptibles de ser utilizados nos plans de formación da EGAP en próximas convocatorias. Cada candidato só poderá presentar unha solicitude de participación cun único material.

Non poderá concorrer á convocatoria dos premios o órgano convocador.

*Cuarto.-Presentación das solicitudes.*

Os candidatos que desexen participar nesta convocatoria deben completar o formulario que figura como anexo a esta resolución e enviálo á atención do director da EGAP. Xunto con este formulario entregarase o material didáctico que opta ao premio acompañado dunha memoria explicativa. No caso dos materiais en liña, entregarase o esquema gráfico da súa estrutura e facilitaráselle ao xurado acceso a eles para proceder á súa avaliación.

O prazo de presentación de solicitudes finalizará o 30 de setembro deste ano.

As solicitudes presentaranse no rexistro xeral da EGAP, na rúa de Madrid 2-4, 15707 Santiago de Compostela, en persoa ou por correo certificado, baixo a epígrafe Premios á calidade dos materiais didácticos. No caso de presentar a solicitude en calquera dos rexistros ou oficinas previstos no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, o/a interesado/a deberá comunicarlle á EGAP esta circunstancia, no mesmo día, a través de fax (ao número 881 99 73 88) ou telegrama.

O material didáctico debe ser susceptible de ser utilizado (xa sexa de forma directa ou adaptándoo) pola EGAP nos seus plans formativos. Se a solicitude presentase erros reparables, requirirase ao solicitante que os corrixa no prazo de dez días hábiles, coa advertencia de que se non o fixese se entenderá que desiste na solicitude, de conformidade cos artigos 71.1º e 42.1º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

A memoria mencionada neste mesmo punto non debe superar a extensión de dez páxinas en formato A4. Nela incluírase a seguinte información:

-Datos de identificación da entidade ou persoa concorrente.

-Perfil dos destinatarios da actividade.

-Certificación da autoría intelectual do material didáctico.

-Denominación do material elaborado.

-Indicación da área de contido a que se refire o material didáctico e resumo dela.

-Descrición dos aspectos innovadores do material formativo.

-Descrición das ferramentas ou elementos que fomenten a interactividade e a accesibilidade do material, así como a participación do/a alumno/a.

-Estrutura do material e dos seus contidos.

*Quinto.-Valoración das solicitudes.*

O xurado valorará os materiais didácticos de acordo cos criterios obxectivos e a ponderación sobre cen puntos que a seguir se indican:

a) Innovación pedagóxica no desenvolvemento do material: máximo 20 puntos.

b) Posibilidade de participación do alumnado (inclusión de ferramentas participativas): máximo 20 puntos.

c) Posibilidade de uso por parte da EGAP en futuras convocatorias de cursos na modalidade de teleformación, e semipresencial, etc. (ben directamente ou ben a través da adaptación do material no caso, por exemplo, daqueles materiais presentados en formato papel): máximo 20 puntos.

d) Accesibilidade, interactividade e compatibilidade do material (no caso dos materiais para cursos na modalidade de teleformación, deberán ser presentados seguindo as especificacións do estándar SCORM): máximo 20 puntos.

e) Estruturación axeitada dos contidos, logrando a adecuación destes aos obxectivos pedagóxicos e ás necesidades dos destinatarios do material, e calidade estética dos materiais: máximo 15 puntos.

f) Consideración do enfoque de xénero entre os obxectivos pedagóxicos: máximo 5 puntos.

Para a avaliación destes criterios, o xurado poderá solicitar o asesoramento de expertos nesta materia.

Para a aclaración dalgún aspecto técnico dos materiais didácticos presentados, o xurado poderá solicitar tamén unha breve presentación e defensa dos proxectos dalgunha das candidaturas.

O xurado será designado polo director da EGAP e estará composto por un presidente, tres vogais –designados entre persoas de recoñecido prestixio e con experiencia no eido da formación do persoal ao servizo das administracións públicas de Galicia– e un secretario, que actuará con voz pero sen voto.

O funcionamento do xurado regularase polas normas contidas no capítulo II da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

*Sexto.-Resolución.*

O xurado propoñeralle ao director da EGAP unha resolución coas candidaturas gañadoras dos premios e dos accésits. Se, a xuízo do xurado, ningunha candidatura reunise os méritos suficientes, os premios serán declarados desertos.

A concesión dos premios, que se realizará por resolución do director da EGAP, será publicada no *Diario Oficial de Galicia*.

Esta resolución pon fin á vía administrativa. Contra ela poderase interpor recurso contencioso-administrativo, sen prexuízo do recurso potestativo de reposición establecido no artigo 116 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. As solicitudes entenderanse desestimadas se a concesión dos premios non se resolvese antes do día 31 de decembro de 2009.

*Sétimo.-Compromisos da EGAP.*

a) O Servizo de Estudos, Investigación e Publicacións da EGAP instruirá os actos de trámite necesarios para a concesión dos premios.

b) As persoas que interveñan no proceso de instrución, valoración ou concesión dos premios gardarán o segredo sobre o resultado das avaliacións das candidaturas que se presenten.

c) Os materiais didácticos serán devoltos, por petición dos seus autores ou promotores, tras a publicación da concesión dos premios, nun prazo non superior a dous meses; rematado este prazo poderán ser incorporados ao Fondo Documental sobre Formación Continua da EGAP e poderán ser utilizados e/ou adaptados pola EGAP nos seus plans de formación.

d) A EGAP facilitará información sobre a convocatoria na súa sede, no teléfono 981 546 247, e no seu portal web <http://egap.xunta.es>, onde tamén se exporá o contido desta convocatoria e se farán públicas a composición do xurado e a resolución sobre a concesión dos premios.

e) A EGAP levará a cabo os trámites necesarios para satisfacer os importes dos premios ás candidaturas gañadoras, cuxo aboamento se fará con cargo á dotación prevista na partida 06.80.122B.480.0 dos orzamentos da EGAP para o ano 2009, así como todos os gastos derivados da execución desta convocatoria.

f) A EGAP comprométese a difundir o resultado dos premios na memoria de actividades de formación continua correspondente a 2009, así como no portal web da escola.

*Oitavo.-Compromisos dos participantes.*

a) Facilitarlle á EGAP toda canta información lles sexa requirida sobre o material didáctico obxecto da candidatura.

b) Os destinatarios dos premios, para obter a condición de beneficiarios, deberán cumprir cos requisitos que establece a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

c) Os destinatarios dos premios teñen a obriga de facilitar canta información lles sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, polo Tribunal de Contas e polo Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control.

d) Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión dos premios poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión. Así mesmo, no caso de incumprimento da calquera das condicións establecidas para a súa concesión existirá a obriga de reintegro total ou parcial do premio recibido.

e) A presentación da candidatura a esta convocatoria supón a aceptación do seu contido.

f) Posibilidade de uso por parte da EGAP, despois da cesión dos dereitos, dos materiais didácticos, de acordo coa Instrución do 29 de xaneiro de 2008 sobre retribucións das colaboracións que se prestan na actividade que realiza a EGAP.

g) Cesión, para exposición ou publicación, dos materiais presentados a esta convocatoria.

*Noveno.-Incompatibilidades.*

A obtención dos premios á calidade de materiais didácticos será incompatible con calquera outro premio ou subvención para a mesma finalidade. Os candidatos deberán presentar unha declaración xurada ou responsable do conxunto de todas as solicitudes efectuadas ou concedidas para a mesma actividade ante as administracións públicas competentes ou outros entes públicos.

*Décimo.-Réxime xurídico.*

a) A cuarta edición dos premios á calidade de materiais didácticos rexeráse polo disposto nesta resolución, así como pola Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e demais normativa aplicable.

b) En todos os casos, o director da EGAP resolverá as incidencias que se puidesen presentar, así como os supostos que non estean previstos nesta convocatoria, de conformidade coa normativa citada na letra a). Contra as resolucións que se adopten en virtude desa facultade poderá interporse o correspondente recurso atendendo á natureza concreta do acto sobre o que se resolva e de acordo coa normativa anteriormente citada.

*Décimo primeiro.-Recursos.*

Contra esta resolución e os actos administrativos derivados dela, que poñen fin á vía administrativa, só se poderá interpor recurso contencioso-administrativo, sen prexuízo do recurso potestativo de reposición previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro.

Santiago de Compostela, 23 de febreiro de 2009.

Carlos Suárez-Mira Rodríguez  
Director da Escola Galega de Administración  
Pública



**XUNTA DE GALICIA**  
 CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
 ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E  
 XUSTIZA

ANEXO



ESCOLA GALEGA  
 DE ADMINISTRACIÓN  
 PÚBLICA

PROCEDEMENTO <b>IV EDICIÓN DOS PREMIOS Á CALIDADE DOS MATERIAIS DIDÁCTICOS</b>	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO <b>PR722A</b>	DOCUMENTO <b>SOLICITUDE</b>
---	---	--------------------------------

**IDENTIFICACIÓN DO/A SOLICITANTE**

PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NOME	NIF
ENDEREZO		PROVINCIA	CONCELLO
CÓDIGO POSTAL	LOCALIDADE	TELÉFONO	FAX
ENDEREZO ELECTRÓNICO			

**DATOS EN CASO DE TRATARSE DE ENTIDADES**

NOME DA ENTIDADE	CIF
ENDEREZO	
PROVINCIA	CONCELLO
CÓDIGO POSTAL	LOCALIDADE
TELÉFONO	FAX
ENDEREZO ELECTRÓNICO	

**TÍTULO DO TRABALLO**

--

**OBSERVACIÓNS**

A esta solicitude xuntaránselle os seguintes documento:

- Memoria explicativa do material didáctico
- Certificado da autoría intelectual do material didáctico que se presenta
- Copia do DNI do/a participante, ou fotocopia do CIF en caso de tratarse dunha entidade
- Declaración xurada ou responsable do conxunto de todas as solicitudes efectuadas ou concedidas para a mesma actividade
- Outra documentación (cítese)

De conformidade cos puntos 3º e 4º do artigo 13 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega, e co previsto no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, a consellería publicará no *Diario Oficial de Galicia* e na súa páxina web oficial a relación dos beneficiarios e o importe das axudas concedidas ao abeiro desta orde; e incluírá igualmente as referidas axudas e as sancións que como consecuencia delas puidesen impoñerse, nos correspondentes rexistros públicos, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos persoais dos beneficiarios e a referida publicidade.

En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal, infórmoo/a de que os datos persoais recollidos nesta solicitude se incorporarán a un ficheiro, para o seu tratamento, coa finalidade da xestión deste procedemento. Vostede pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición previstos na lei mediante un escrito dirixido a esta consellería como responsable do ficheiro (o enderezo figura ao pé desta solicitude).

LEXISLACIÓN APLICABLE  <i>Resolución do 23 de febreiro de 2009 pola cal se establecen as bases reguladoras da concesión dos premios Escola Galega de Administración Pública á calidade de materiais didácticos e se convoca a súa cuarta edición.</i>
SINATURA DO/A SOLICITANTE OU PERSOA QUE O/A REPRESENTA  <i>Lugar e data</i>  , de de

(Para cubrir pola Administración)	NÚMERO DE EXPEDIENTE
RECIBIDO	DATA DE ENTRADA
REVISADO E CONFORME	DATA DE EFECTOS
	DATA DE SAÍDA